

A VIAXE

Por fin é xoves. Xacobe e Uxía están facendo a equipaxe. Prepáranse para ir de viaxe a un país lonxano.

Xuntos van en taxi ata o aeroporto. No avión, Xacobe mira pola xanela. Non pode ver a paisaxe porque hai moitas nubes. Por iso, decide ler o xornal. Mentras, Uxía xanta un pouco de queixo e xamón. A viaxe faise un pouco longa.

Cando baixan do avión, regálanlles uns axóuxeres típicos do país. É unha xente moi amable. Levan postos uns traxes de cor laranxa e uns xacintos no pelo. Ulen tan ben!.



E Uxía e Xacobe fanse unha foto xunto a eles no xardín comendo uns xelados.

1. Marca cunha X a resposta correcta :

-Que día se van Xacobe e Uxía de viaxe?

- ☐ Un venres.
- ☐ Un luns.
- ☐ Un xoves.

-Que xanta Uxía no avión?

- ☐ Pan con queixo.
- ☐ Pan con xamón.
- ☐ Un pouco de queixo e xamón.

-Como é a xente do país ?

- ☐ Moi amable.
- ☐ Moi triste.
- ☐ Moi leda.

-Que levan posto no pelo?

- ☐ Unhas rosas.
- ☐ Uns xacintos.
- ☐ Unhas margaridas.

-Que comen no xardín?

- ☐ Uns xelados.
- ☐ Uns bocadillos.
- ☐ Uns bocadillos e uns xelados.

2. Marca cunha X as parellas de palabras que son iguais:

- ☐ viaxe - viaxe
- ☐ pelo – palo
- ☐ globo – globo
- ☐ xamón – xabón
- ☐ sol – sal
- ☐ espello – espello
- ☐ maleta - mulata
- ☐ nube - sube
- ☐ paisaxe - paisaxe

3. Une as palabras que signifiquen o mesmo :

Equipaxe	Agradable
Avión	Mirar
Xanela	Comer
Amable	Ventá
Ver	Aeroplano
Xantar	Maletas

4. Une as palabras co seu significado :

Xoves	automóbil para levar á xente.
Taxi	Prendas de vestir.
Xanela	Doces conxelados de sabores.
Traxes	Terreo que se ve desde un sitio.
Xelados	Ventá pequena para mirar.
Paixase	Día da semana